

LECTIO SEXTA

GRAOS DO ADXECTIVO. PRONOMES PERSOAIS. A EVOLUCIÓN FONÉTICA: A REGULARIDADE. ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (V)

6.1. A flexión nominal:

6.1.1. A gradación.

6.1.2. Comparativo e superlativo en latín.

6.2. A flexión pronominal:

6.2.1. Os pronomes persoais.

6.3. A evolución fonética:

6.3.1. A regularidade do cambio fonético.

6.3.2. Algunhas leis fonéticas.

6.4. *Romānī latīne loquebantur (V).*

COGITA!

1. Intenta definir a gradación e logo pensa se é exclusiva do adxectivo. Se cres que así é, que tes que dicir de expresións como estas?

A noite pasada saímos ata tardísimo
Angelina Jolie é moito máis muller que Shakira

2. Pensa en como expresa o inglés e/ou o francés a gradación. Cal dos dous é máis semellante ó galego e ó castelán? Por que?

3. Consideras correctas ou incorrectas estas expresións? Por que?

Ese cantante desafina de continuo: é máis malo que a fame!

Meu irmán é moito máis maior ca min

Ai! Comín un chuletón que estaba hiperultramegabó

4. Cantos pronomes de 1ª persoa de singular coñeces? Seguro que só ese? E das outras persoas?

5. Tes escoitado algunha vez as seguintes palabras? Son correctas?

probe
perfeuto
diretor
nónima
ghuapismo
lubrigante / lumbrigante
cansao
cantare
sero
arradio

MEMENTO!

1. O significado do adxectivo pode expresarse en graos. A “forma cero” é denominada grao positivo. Cando a modificación que achega o adxectivo se expresa establecendo unha relación valorativa entre dous termos, falamos de grao comparativo. Se esa modificación se leva ó extremo, temos o grao superlativo.

Todo isto xa o coñeces polos estudos lingüísticos que tes sobre varios idiomas. Imos ver como expresa o latín o grao comparativo e o superlativo.

O grao comparativo ten tres posibilidades de expresión:

- 1ª: INFERIORIDADE: A través da secuencia *adverbio-adxectivo-partícula*, igual que en galego e castelán, p. ex.:

Petrus minus altus est quam Antonius

- 2ª: IGUALDADE: De xeito semellante ó anterior mais, loxicamente, cun adverbio diferente:

Petrus tam altus est quam Antonius

- 3ª: SUPERIORIDADE: O máis complexo desde o punto de vista das nosas linguas, xa que case sempre se forma, como en inglés, mediante a adición dun sufixo ó tema do adxectivo: **-ior, -ius**. A transformación é como segue:

POSITIVO	COMPARATIVO de SUPERIORIDADE
<i>altus, -a, -um</i>	altior, -ius
<i>fortis, -e</i>	fortior, -ius

É moi importante que comprendas que o resultado segue a ser un adxectivo, coas mesmas responsabilidades sintácticas que cando aparece en grao positivo. Con todo, o cambio morfolóxico é notorio, xa que un adxectivo en grao comparativo de superioridade, sexa do 1º ou 2º tipo en grao positivo, é, a todos os efectos de declinación, un adxectivo do 2º tipo e, polo tanto, segue a 3ª declinación. O modelo sería o seguinte, segundo **altior, -ius**:

altior (masc.-fem.)		altius (neutro)	
SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
altior	altiores	altius	altiora
altior	altiores	altius	altiora
altiozem	altiores	altius	altiora
altioris	altiorum	altioris	altiorum
altiori	altioribus	altiori	altioribus
altiore	altioribus	altiore	altioribus

Observa, unha vez máis, como o paradigma dos neutros só se diferencia do dos masculinos e femininos nos tres primeiros casos, que ademais son iguais entre si; e como eses mesmos casos no plural rematan en **-a**.

Sintacticamente, no que se refire á expresión do 2º termo da comparación, hai dúas posibilidades:

- mediante partícula: **Petrus altior est quam Antonius**
- en ABLATIVO: **Petrus altior est Antonio**

Polo tanto, o máis práctico para saber se temos diante unha oración cun comparativo de superioridade é estar atento a se unha das palabras que aparecen ten no seu interior ou remata na secuencia **ior**, ou se remata en **ius**. Por suposto, se aparece a partícula **quam** xa non hai dúbida.

Os adverbios tamén poden recibir gradación comparativa de superioridade: fano mediante o sufixo **-ius**: **prope** (“preto”) – **propius** (“máis preto”)

O grao superlativo xa se parec e mais ó que temos en galego e castelán, polo menos no que se refire ó emprego dun sufixo para marcalo. Ese sufixo é case sempre **-issimus**, **-a**, **-um**, de xeito que a conversión dun adxectivo ó grao superlativo segue este modelo:

POSITIVO	SUPERLATIVO
<i>altus, -a, -um</i>	altissimus, -a, -um
<i>fortis, -e</i>	fortissimus, -a, -um

Igual que antes, non esquezas que o resultado segue a ser un adxectivo, co mesmo papel sintáctico que cando aparece en grao positivo. De novo, hai cambio morfolóxico, pois un adxectivo en grao superlativo, sexa do 1º ou 2º tipo en grao positivo, é, a todos os efectos de declinación, un adxectivo do 1º tipo e, polo tanto, segue a 1ª e 2ª declinacións.

O comportamento sintáctico do superlativo é igual ó que ten nas nosas linguas. Hai dúas posibilidades:

- ABSOLUTO: **Petrus altissimus est**
- RELATIVO: **Petrus altissimus est amicorum suorum**, ou tamén **Petrus altissimus est inter amicos suos**. Neste último caso a cualidade, expresada en grao máximo, pónse en relación cunha referencia externa.

Alguns adxectivos experimentaron cambios fonéticos ó engadir o sufixo do superlativo. Son os rematados en **-er** (no masculino) e en **-lis** (no masculino-feminino). Os resultados seguen estes modelos:

POSITIVO	SUPERLATIVO
<i>pulcher, -chra, -chrum</i>	pulcherrimus, -a, -um
<i>facilis, -e</i>	facillimus, -a, -um

Por último, hai catro adxectivos que constrúen o comparativo de superioridade e o superlativo de xeito irregular. Son estes:

POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
<i>bonus, -a, -um</i>	melior, -ius	optimus, -a, -um
<i>malus, -a, -um</i>	peior, -ius	pessimus, -a, -um
<i>magnus, -a, -um</i>	maior, -ius	maximus, -a, -um
<i>parvus, -a, -um</i>	minor, -us	minimus, -a, -um

Se te fixas, nesta táboa verás comparativos e superlativos que aínda segues empregando en galego e castelán, pero quizais non te decatabas.

Tamén se poden formar adverbios en grao superlativo cambiando a desinencia **-us, -a, -um** polo sufixo **-e** (ver páx. 52).

2. Os pronomes teñen unha flexión ou declinación distinta da dos substantivos e adxectivos. Nesta *LECTIO* imos aprender os pronomes persoais. Para iso tes esta táboa:

NOM.	ego	tu		nos	vos	
AC.	me	te	se	nos	vos	se
XEN.	mei	tui	sui	nostrum	vestrum	sui
DAT.	mihi	tibi	sibi	nobis	vobis	sibi
ABL.	me	te	se	nobis	vobis	se

Dúas cousas deben chamar a túa atención:

- A ausencia de Nom. para a 3ª persoa (sing. e pl.). Para iso o latín empregaba demostrativos (ver *LECTIO* seguinte).

- A presenza de formas pronominais que aínda seguimos a usar, e coas mesmas funcións sintácticas: os pronomes persoais son o único elemento das nosas linguas no que conservamos algo semellante a unha declinación.

Para memorizar esta flexión pode serche de axuda a canción *Pronominalis Saltatio*, dispoñible na plataforma Youtube.



Practica o visto analizando e traducindo os textos que o profesor che indique da sección *EXERCICIA* deste libro.

3. Como viamos nas *LECTIONES PRIMA* e *SECVNDA*, as linguas evolucionan. Agora ímonos centrar nos cambios fonéticos que experimentou o latín, xa desde época bastante antiga (en realidade, nunca deixou de cambiar, e segue a facelo). Para poder levalo a cabo, debemos coñecer os sistemas fonolóxicos do latín, o galego e o castelán. Observa con atención as seguintes táboas:

SISTEMAS VOCÁLICOS (as vogais son sempre sonoras)

LATÍN						
palatais	ī ī	ē ě	ā ā	ō ō	ū ũ	velares
	pechadas	medias	central	medias	pechadas	
GALEGO						
palatais	i	e ε	a	o Ω	u	velares
	pechada	medias	central	medias	pechada	
CASTELÁN						
palatais	i	e	a	o	u	velares
	pechada	media	central	media	pechada	

Para o galego hai que facer unha observación: as 7 vogais só existen en posición tónica, pois en posición átona non final o sistema redúcese a 5 (neutralízase a oposición entre os dous sons /e/ por unha banda e os dous son /o/ pola outra); en posición átona final o sistema consiste só en 3 vogais, xa que /i/ e /u/ non aparecen nese contexto.

Respecto ó latín, as vogais /i/ e /u/ diante doutra vogal articúlanse como semiconsoantes, e transcribímolos foneticamente como /j/ e /w/.

SISTEMAS CONSONÁNTICOS

modo de articulación		pto. de art.	LATÍN		GALEGO		CASTELÁN	
OCLUSIVAS		labiais	/p/	/b/	/p/	/b/	/p/	/b/
		dentais	/t/	/d/	/t/	/d/	/t/	/d/
		velares	/k/	/g/	/k/	/g/	/k/	/g/
		labiovelares	/kʷ/	/gʷ/				
		palatais						/j/
FRICATIVAS		alveolares	/s/		/s/		/s/	
		labiodentais	/f/		/f/		/f/	
		interdentais			/θ/		/θ/	
		velares					/x/	
		palatais			/ʃ/			
AFRICADAS		palatais			/tʃ/		/tʃ/	
LÍQUIDAS	laterais	alveolares		/l/		/l/		/l/
		palatais				/ʎ/		/ʎ/
	vibrantes	alveolares		/r/, /r̄/		/r/, /r̄/		/r/, /r̄/
NASAIS		labiais		/m/		/m/		/m/
		alveolares		/n/		/n/		/n/
		velares				/ŋ/		
		palatais				/ɲ/		/ɲ/
			XORDAS	SONORAS	XORDAS	SONORAS	XORDAS	SONORAS

Os sons non cambian porque si: existe unha serie de patróns de comportamento que teñen que ver cos contextos nos que un determinado son se pode atopar, afectando a un colectivo concreto de falantes. Por exemplo, cando unha consoante xorda se atopa rodeada doutras consoantes sonoras e/ou de vogais, prodúcese un entorno con moita sonoridade que pode provocar o paso da xorda ó ámbito das consoantes sonoras.

O importante é que o cambio fonético é regular: sempre que se dea un contexto fónico concreto, é predicible o mesmo cambio. A cada un deses cambios predicibles chamámoslle lei fonética. Iso é o que nos permite estudar este aspecto da lingua desde unha perspectiva científica e, a través del, reconstruír estados de lingua pasados.

A seguir verás unhas táboas cunha serie de palabras latinas. Obsérvaas. Que resultados cres que produciu a evolución en cada caso?

ALGÚNS COMPORTAMENTOS DAS VOGAIS

TÓNICAS		ÁTONAS			DITONGOS
longas	breves	inicial	interior	final	primarios
<u>ma</u> tre	<u>ca</u> pra	clama <u>re</u>	repara <u>t</u>	luna	caelu
ste <u>lla</u>	pe <u>lle</u>	securu	hedera	bonitate	foedu
form <u>ica</u>	s <u>i</u> te	civitate	domina	viginti	paucu
coh <u>or</u> te	po <u>rtu</u>	corona	arbore	octo	
<u>mu</u> ru	lu <u>tu</u>	muliere	fabula <u>re</u>	templu	

ALGÚNS COMPORTAMENTOS DAS SEMICONSOANTES

/j/		/w/	
inicial	interior	inicial	interior
iocu	ratione	vinu	avocatu
	pluvia		
	folia		
	Hispania		
	materia		

ALGÚNS COMPORTAMENTOS DAS CONSOANTES OCLUSIVAS

XORDAS			SONORAS		
inicial	interior	final	inicial	interior	final
patre	caput		bonu	faciebat bibere	
terra	pratu	amant	dente	fide	
causa cena ciconia corvu culpa	amica vicinu		gallina gente germanu gingiva gubernare	lege agente	

ALGÚNS COMPORTAMENTOS DAS CONSOANTES LÍQUIDAS, NASAIS E FRICATIVAS

LÍQUIDAS			NASAIS			FRICATIVAS		
inicial	interior	final	inicial	interior	final	inicial	interior	final
lupu	volare		multu	Roma	populum	filium	definire	
rumpere	caru		nocte	bona		sexta sapone	rosa	

ALGÚNS COMPORTAMENTOS DOS GRUPOS CONSONÁNTICOS

OCLUS./FRIC. + LÍQUIDA EN POSICIÓN INICIAL	GRUPOS EN POSICIÓN INTERIOR	
	NON XEMINADOS	XEMINADOS
plorare clave pratu trahere credere bracchiu dracone granu flamma frenu	septe ipse lacte ligna multu lumbu actione	appendice flamma gallaecu annu curru fuisse differentia

Agora verás un conxunto de leis fonéticas que determinan unha serie de evolucións desde o latín cara ó galego e o castelán, que explican todos os exemplos propostos, e que deberás lembrar. Unha vez vistas as táboas e as leis, podes observalas e practicalas na presentación *MVTATIO SONORVM*.



Por suposto, estas leis só rexen para as palabras patrimoniais: as que foron empregadas con continuidade pola maioría dos falantes desde época antiga. Como debes saber, as linguas posúen outro tipo de léxico, os cultismos, que se incorporaron ó idioma en diversos momentos da súa historia, de xeito que os cambios fonéticos non influíron neles.

Isto débese a que as transformacións, que viñan operándose desde tempo atrás, xa foran recollidas nas gramáticas e outros elementos de fixación das linguas (as derivadas do latín, neste caso). Estes establecen unhas formas como canónicas, e outras como incorrectas, aínda que os criterios non teñan un rigor matemático, senón o das opinións autorizadas dos lingüistas (e non todos).

ALGUNHAS LEIS FONÉTICAS

VOCALISMO	
1	O / ě / tónico pasa a / ε / en galego e ditonga en / ie / en castelán.
2	O / ǫ / tónico pasa a / Ω / en galego e ditonga en / ue / en castelán.
3	Os sons / i / e / u / en posición final abren un grao e pasan a / e / e / o / tanto en galego como en castelán.
4	Os sons / ē /, / ī / e / ū / en posición átona interior tenden a desaparecer, tanto en galego como en castelán.
5	O ditongo / au / pasa a / ou / en galego e monotonga en / o / en castelán.
CONSONANTISMO	
1	A semiconsoante / w / convértese en consoante / b /, en galego e castelán.
2	As oclusivas xordas (/ p /, / t /, / k /) en posición intervocálica sonorizan nas súas correspondentes / b /, / d /, / g /, tanto en galego como en castelán.
3	As consoantes finais tenden a desaparecer.
4	Os sons / l / e / n / en posición intervocálica desaparecen en galego e mantéñense en castelán.
5	O / f / inicial manténse en galego e desaparece en castelán, logo de pasar por unha fase de aspiración / h /.
6	Os grupos / fl /, / pl / e / kl / en posición inicial dan / ċ / en galego e / λ / en castelán.
7	Os grupos / lt / e / kt / en posición interior pasan a / it / en galego e / ċ / en castelán.
8	Os grupos xeminados / ll / e / nn / simplifican en / l / e / n / en galego e pasan a / λ / e / ŋ / en castelán.
9	O grupo / gn / dá / ŋ / tanto en galego como en castelán.

Se te fixaches nas táboas de exemplos, os substantivos que nelas aparecen non están en Nom. sing.; de feito, en moitos casos non parece que estean en ningún caso concreto. Isto débese a que na evolución cara ás linguas romances as consoantes finais desapareceron moi cedo, o que provocou a ruína da declinación. Imaxina o aspecto que tería o paradigma dunha palabra da 3ª declinación como **turrīs**, **-is**:

turri(s)	turre(s)
turri(s)	turre(s)
turre(m)	turre(s)
turri(s)	turriu(m)
turri	turribu(s)
turre	turribu(s)

Se miras con atención, observarás que a maioría das formas, ó perder as consoantes finais, quedan rematadas en vogal. Polas leis fonéticas anteriores, sabes que o /i/ en posición final abre un grao e pasa a /e/. Isto provoca que case todas as formas acaben sendo **turre**: iso explica a forma da nosa palabra **torre**. Un proceso semellante deuse nas demais declinacións.

4. O campo léxico que abordaremos nesta *LECTIO* corresponde a un eido vital da nosa existencia: as comidas e as bebidas. Igual que no resto das *LECTIONES*, tes ó teu dispor a presentación *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (V)*:

PALABRA	TRADUCIÓN
<i>panis</i>	
<i>butyrum (†)</i>	
<i>caro</i>	
<i>piscis</i>	
<i>caseus</i>	
<i>ovum</i>	
<i>poma</i>	
<i>crustulum</i>	
<i>lac</i>	
<i>cerasum</i>	
<i>uva</i>	
<i>pirum</i>	
<i>malum</i>	
<i>citreum</i>	
<i>figus</i>	
<i>castanea</i>	
<i>carota</i>	
<i>lactuca</i>	
<i>fungus</i>	

